

Dossier de prensa

Nadal en Rede 2014



A Rede de Dinamización Lingüística, un ano máis, quere celebrar o Nadal en galego por medio da súa programación propia de actividades.

Nesta terceira edición de **Nadal en Rede** chegarán aos concellos as propostas musicais Cantigas da Estrela e A cantar con María Fumaça e mais a adaptación teatral de Espantallo amigo, todas elas destinadas ao desfrute en familia da xente miúda; a peza cómica Feliciano, para público xeral; e o encontro escolar no que os Magos de Oriente amosarán que o galego segue sendo Lingua de Reis.

Ademais destas cinco propostas dinamizadoras, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria inclúe no programa materiais e recursos para agasallar, para celebrar e para festexar estas datas en galego: as xa coñecidas postais electrónicas con lemas na nosa lingua, a carta aos Reis Magos, os discursos do Libro dos Reis para ler nas cabalgatas e, como novidade, a guía de agasallos Un Nadal mozo e en galego, que revisa os galanos máis orixinais en lingua galega pensados para a mocidade.

ACTIVIDADES



A coñecida Uxía convidará as familias e a súa xente miúda a subir no tren da música para festexar o Nadal cantando e bailando en galego. Nun concerto exclusivo de Nadal en Rede percorrerá 14 localidades galegas acompañada de Santi Cribeiro e de Sérgio Tannus, da súa famosa María Fumaça e dun amplo e divertido repertorio no que combinará as pezas do Xiqui xoque, fiú fiú con panxoliñas e con outras músicas tradicionais propias deste tempo. Para non perder!

A cantar con María Fumaça

DECEMBRO

Domingo 14: **Fene**, no Círculo Cultural Recreativo e Deportivo de Perlío, ás 13:00 horas

Domingo 14: **Ordes**, na Casa da Cultura, ás 18:00 horas

Venres 19: **Burela**, no auditorio da Casa da Cultura, ás 17:30 horas

Domingo 21: **Vilaboa**, na Casa da Cultura Río Maior, ás 12:00 horas

Domingo 21: **Lalín**, no Salón Teatro, ás 18:30 horas

Martes 23: **Oleiros**, no auditorio da Fábrica, ás 19:00 horas

Sábado 27: **O Barco de Valdeorras**, no Teatro Municipal Lauro Olmo, ás 20:00 horas

Domingo 28: **Ribeira**, no Auditorio Municipal, ás 12:30 horas

Domingo 28: **A Estrada**, no Teatro Principal, ás 18:00 horas

Martes 30: **Melide**, na Casa da Cultura, ás 20:30 horas

XANEIRO

Venres 2: **Ames**, na Casa da Cultura do Milladoiro, ás 18:00 horas

Sábado 3: **Bueu**, no Centro Social do Mar, ás 18:30 horas

Domingo 4: **Verín**, na Casa da Cultura, ás 18:00 horas

Mércores 7: **Boiro**, na Casa da Cultura Ramón Martínez López, ás 18:30 horas



Cantigas da estrela



Magín Blanco animará a xente miúda da casa a seguir o ronsel das estrelas para gozar do Nadal coas músicas máis coñecidas de Gatuxo e de A nena e o grilo, nun concerto moi especial que integra vilancicos inéditos do músico e compositor.

Acompañarano María Faltri e Jorge Juncal nunha xira que fará parada en 19 localidades da RDL coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña en concellos da súa competencia territorial. Imprescindible para celebrar este Nadal cantando en galego.

DECEMBRO

Venres 12: **Cee**, no Salón de Actos do Concello, ás 18:00 horas

Domingo 14: **Palas de Rei**, no Salón de Plenos do Concello, ás 17:30 horas

Martes 16: **Cangas**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas

Venres 19: **Muxía**, no salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples, ás 18:30 horas

Sábado 20: **Redondela**, no Multiúsos da Xunqueira (sala I de exposicións), ás 12:00 horas

Martes 23: **Ferrol**, na Capela do Centro Cultural Torrente Ballester, ás 18:30 horas

Mércores 24: **O Carballiño**, no Auditorio Municipal, ás 12:00 horas

Venres 26: **Betanzos**, no Cine Alfonso, ás 17:30 horas

Sábado 27: **Arteixo**, no Auditorio Municipal, ás 12:00 horas

Domingo 28: **Santiago de Compostela**, na Sala Mozart do Auditorio de Galicia, ás 12:30 horas

Luns 29: **Val do Dubra**, na Casa da Cultura, ás 12:30 horas

Luns 29: **Ponteceso**, no Museo de Arte Contemporánea de Corme, ás 18:00 horas

Martes 30: **Pontedeume**, na Casa da Cultura, ás 12:30 horas

Martes 30: **Viveiro**, no Teatro Pastor Díaz, ás 18:00 horas

XANEIRO

Venres 2: **Carnota**, no Salón de Actos do Concello, ás 12:00 horas

Venres 2: **Teo**, no Centro Sociocultural da Ramallosa, ás 18:00 horas

Sábado 3: **O Porriño**, no Círculo Recreativo e Cultural do Porriño, ás 12:00 horas

Domingo 4: **Ourense**, no Auditorio Municipal, ás 12:00 horas

Domingo 4: **A Pobra do Caramiñal** (en colaboración coa Mancomunidade de Municipios Arousa Zona Norte), na Praza do Emigrante (baixo carpa), ás 18:30 horas



Feliciano



Os 7 magníficos + 1 (os televisivos Fran Rei e Pedro Brandariz) agasallarannos cunha boa dose de risas e de alegría para despedir o ano 2014 e darlle a benvida ao 2015. Porque o Nadal non é só cousa de nenos, velaquí unha proposta para público de todas as idades que percorrerá Galicia cunha serie de pequenas pezas humorísticas e que nos fará contemplar as festas de Nadal cunha mirada desenfadada. A Deputación Provincial da Coruña, membro da Rede de Dinamización Lingüística, colabora nesta actividade exclusiva de Nadal en Rede levándoa a concellos do seu ámbito territorial.

DECEMBRO

Venres 12: **Carral**, no Centro Social Toñito Espiñeira, ás 20:30 horas
Domingo 14: **Carballedo**, no Slaón de Actos do Concello, ás 19:00 horas
Mércores 17: **Trazo**, no Centro Social Polivalente (en colaboración coa Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes), ás 17:15 horas
Xoves 18: **Zas**, no Auditorio de Baio, ás 19:30 horas
Domingo 21: **Cuntis**, na Casa da Cultura, ás 19:00 horas
Luns 22: **Barbadás**, na Casa da Cultura, ás 19:00 horas
Mércores 23: **Miño**, no centro Social da Rúa, ás 20:00 horas
Venres 26: **Neda**, na Casa da Cultura, ás 20:30 horas
Sábado 27: **Fisterra**, no Salón de Actos do Concello, ás 20:00 horas
Domingo 28: **Laxe**, no Salón de Actos do Concello, ás 19:00 horas
Luns 29: **Negreira**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas
Martes 30: **Cabana de Bergantiños**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas

XANEIRO

Venres 2: **Santa Comba**, na Vivenda Comunitaria, ás 20:30 horas
Sábado 3: **Castro de Rei**, na Casa da Cultura de Castro de Ribeiras de Lea, ás 17:00 horas
Sábado 3: **O Saviñao**, no Auditorio Municipal, (en colaboración co Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra), ás 21:00 horas
Domingo 4: **Xinzo de Limia**, na Casa da Cultura, ás 18:00 horas
Luns 5: **A Bola**, no Local Social, ás 16:00 horas
Martes 6: **Fundación Eduardo Pondal (Ponteceso)**, na Casa dos Veciños do Couto, ás 18:00 horas

Espantallo amigo



DECEMBRO

Sábado 13: **Ourense**, no Liceo, ás 19:00 horas

Martes 23: **Santiago de Compostela**, na Sala Mozart do Auditorio de Galicia, ás 17:30 horas

Sábado 27: **Ribeira**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas

Domingo 28: **Xinzo de Limia**, no Auditorio Ángel Cocho Ferrero, ás 18:00 horas

Martes 30: **Ferrol**, na Capela do Centor Cultural Torrente Ballester, ás 18:30 horas

XANEIRO

Venres 2: **A Estrada**, no Teatro Principal, ás 18:00 horas

Domingo 4: **A Coruña**, no Centro Sociocultural Ágora, ás 18:30 horas

Nadal en Rede levará a sete localidades da Rede de Dinamización Lingüística unha nova adaptación teatral de Espantallo amigo, de Xosé Neira Vilas, que chega da man dos Quinquilláns, nunha revisión na que Lucho Penabade e Tero Rodríguez continúan a historia orixinal contada polos adultos que lle deron vida á trama orixinal da novela neiraviliana. Nunha proposta escénica deseñada por Xosé Vizoso, a actividade ofrécelle como complemento ao público asistente unha reedición especial ilustrada por Xaquín Marín (Editorial Galaxia). A partir dos sete anos.

Lingua de Reis



DECEMBRO

Mércores 17: no CEIP Eduardo Cela Vilas de **Triacastela**, ás 10:40 horas

Mércores 17: no CPI Poeta Uxío Novoneyra de **Folgo do Courel**, ás 15:00 horas

Xoves 18: no CEIP Virxe da Saleta de **San Cristovo de Cea** (en colaboración co Concello de Piñor), ás 12:10 horas

Xoves 18: no CEIP de **Manzaneda**, ás 16.00 horas

Venres 19: no CEIP de **Oroso**, ás 11:00 horas

Os escolares de infantil e primaria do CEIP Eduardo Cela Vilas de Triacastela, do CPI Poeta Uxío Novoneyra de Folgo do Courel, do CEIP Virxe da Saleta de San Cristovo de Cea, a onde acoden tamén os escolares de Piñor, do CEIP de Manzaneda e do CEIP de Oroso recibirán a derradeira semana de clases do ano unha visita moi especial: os tres Reis Magos de Oriente pasarán polo seu centro e falaránlles na lingua propia de Galicia para que todos os nenos e nenas saiban o moito que lles gusta e que a aprecian.

RECURSOS




Un Nadal mozo e en galego. Guía de agasallos para a xente nova

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado revisan por terceiro ano un catálogo de propostas para potenciar o uso do galego na mocidade e para favorecer que se agasalle ou que se pidan como agasallos produtos en galego. Con ela, tamén se quere contribuír a difundir a existencia de galanos na lingua propia de Galicia e poñer en valor o uso do idioma na fabricación de todo tipo de obxectos e no ámbito da empresa. Dispoñible para a súa descarga en www.lingua.gal.

Carta ás Súas Maxestades de Oriente

Moi contentos se poñen os Reis Magos cando os nenos e nenas galegos lles escriben na lingua propia de Galicia! Para facilitarlles este labor a todos os cativos, a Rede de Dinamización Lingüística creou este modelo de carta que se enviou aos concellos pertencentes a esta entidade e que, dende o web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, se pon agora ao dispor dos restantes municipios e de todos os nenos e nenas de Galicia. Dispoñible para a súa descarga en www.lingua.gal.



O Libro dos Reis Magos

Para que os Reis Magos, que chegan a Galicia cansos da súa viaxe e sen tempo para preparar unha alocución, poidan dirixirse aos nenos e nenas en galego, a Rede de Dinamización Lingüística preparou este libro de fermosos discursos redactados por 25 escritoras que se poden ler tal cal ou adaptarse ao gusto de cadaquén. O Libro dos Reis Magos, que pode ver aquí, foi enviado a todos os concellos da Rede. Dispoñible para a súa descarga en www.lingua.gal.

Postais en galego

Un ano máis, pode enviar por correo electrónico fermosas postais en galego para felicitar o Nadal e o aninovo. Dispoñibles para a súa descarga en www.lingua.gal.

